



Informe da explotación estatística do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais

(ano 2025)

Operación estatística 2506-03 OE06



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

**Informe da explotación estatística do Rexistro Único de Entidades
Prestadoras de Servizos Sociais (ano 2025).**

Operación estatística 2506-03 OE06

Elabora:

Consellería de Política Social e Igualdade. Secretaría Xeral Técnica. Subdirección
Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais.

Santiago de Compostela 2026

Informe da explotación estatística do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais

(ano 2025).

Operación estatística 2506-03 OE06

O *Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais* (en adiante RUEPSS) recolle a información referida ás entidades que desenvolven programas ou son titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais, nos ámbitos de maiores, discapacidade, igualdade, infancia, menores, familia, inclusión e servizos comunitarios.

O RUEPSS configúrase, para o público e os profesionais de servizos sociais, como unha ferramenta para o coñecemento público dos servizos sociais, de planificación e de ordenación do Sistema galego de Servizos Sociais. A súa natureza non é a propia dun rexistro público xa que a inscrición non conta con carácter constitutivo, e nin tan sequera é obrigada para todas as entidades que desenvolvan servizos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma.

As entidades inscritas no RUEPSS dispoñen de acceso por medios telemáticos para manter actualizados os datos. Trátase, xa que logo, dun instrumento de publicidade e planificación en soporte informático. Contén datos xestionados pola Administración e polas entidades prestadoras de servizos sociais.

Os cidadáns poderán acceder para consultar información sobre a localización e as características dos recursos.

Esta aplicación está xestionada pola Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade coa que poderá comunicar mediante o enderezo electrónico: inspeccion.centros@xunta.gal

As persoas interesadas poden consultar a información acerca dos requisitos básicos e os requisitos de autorización para prestar servizos sociais en Galicia:

- Guía de atención ao cidadán <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos>
- Asesoría virtual de entidades prestadoras de servizos sociais

<https://politicasocial.xunta.gal/gl/recursos/asesoria-virtual-de-entidades>

1) Entidades:

1.a) Inscripción de entidades (procedemento BS628A)

A inscrición no RUEPSS é un procedemento que poden solicitar as entidades prestadoras de servizos sociais, públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que sexan titulares de centros, que desenvolvan programas ou realicen actividades propias dos servizos sociais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

A inscrición no RUEPSS realízase por tempo ilimitado en tanto a entidade manteña as súas actividades.

1.a.1) Novas entidades inscritas durante o ano 2025:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outra	Total
Iniciativa privada con ánimo de lucro	9	2	2	13	8	34
Iniciativa privada sen ánimo de lucro				2		2
Iniciativa social	13	6	7	5	3	34
Total	22	8	9	20	11	70

*A categoría "Outra" fai referencia a entidades que teñen o seu domicilio social en provincias de fóra de Galicia

1.a.2) Reconto de entidades inscritas (a 31.12.2025):

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outra	Total
Iniciativa privada con ánimo de lucro	541	169	277	474	94	1.555
Iniciativa privada sen ánimo de lucro	1		1	3		5
Iniciativa pública	112	70	105	64	3	354
Iniciativa social	481	153	252	446	111	1.443
Total	1.135	392	635	987	208	3.357

*A categoría "Outra" fai referencia a entidades que teñen o seu domicilio social en provincias de fóra de Galicia

1.b) Modificacións da inscrición no RUEPSS (procedemento BS628C)

Os datos que constan no RUEPSS deben estar actualizados, por iso é necesario revisar e actualizar periódicamente os datos inscritos.

Moitos dos datos poden ser actualizados directamente polas entidades e outros é preciso comunicarllos á Administración xunto coa documentación que xustifique a modificación dos datos inscritos cando se refiren a:

1. A denominación da entidade e/ou dos centros e programas autorizados dos que a entidade sexa titular.
2. O enderezo social da entidade.
3. O obxecto social da entidade.
4. Os datos identificativos dos/as representante/s legais da entidade e/ou dos/as seus administradores/as.
5. O cambio de titularidade dos centros ou programas que a entidade teña autorizados.
6. O cambio de entidade xestora dos centros ou programas que a entidade titular teña autorizados.

	Expedientes 628C
Iniciativa privada con ánimo de lucro	60
Iniciativa pública	92
Iniciativa social	101
Total	253

1.c) Cancelacións da inscrición no RUEPSS (procedemento BS628B)

A cancelación da inscrición da entidade no RUEPSS producirase no caso de darse algunha das seguintes circunstancias:

- Que a entidade deixe de cumprir os requisitos que se tiveron en conta para a súa inscrición.
- A Administración teña constancia fidedigna de que a entidade xa non presta actividades de servizos sociais nos enderezos que constan no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.
- Pola falta de presentación da memoria anual de actividades no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais durante os dous últimos anos.
- Pola imposición de sancións á entidade, que pola súa propia natureza, supoñan este efecto.

	Expedientes BS628B
Iniciativa privada con ánimo de lucro	18
Iniciativa social	3
Total	21



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE



CONSELLERÍA

RECURSOS

¿QUÉ NECESITAS?

ÁREAS

Inicio > Recursos > Asesoría virtual de entidades > RUEPSS

RUEPSS

Compartir



Escuchar



¿Tienes una duda?

- ▼ ¿Qué es el RUEPSS?
- ▼ Inscripción de entidades
- ▼ Modificación de la inscripción
- ▼ Cambio de titularidad de centros y programas
- ▼ Cambio de entidad gestora de centros y programas
- ▼ Cancelación de entidades
- ▼ Obligaciones de las entidades prestadoras de servicios sociales
- ▼ Información estadística

RUEPSS

- Autorización de centros y programas
- La inspección de servicios sociales
- Normativa autonómica
- Documentos de interés
- Contacto

2) Procedementos relativos a centros e programas:

O réxime de autorización e os procedementos para a súa concesión resultan aplicables a todas as entidades prestadoras de servizos sociais, tanto públicas como privadas.

A normativa específica que desenvolva o catálogo de servizos sociais, de acordo co establecido no artigo 18.5 da Lei 13/2008, definirá e regulará os centros, programas e servizos que, por razóns de interese público motivadas na protección das persoas destinatarias e/ou no cumprimento dos obxectivos da política social, deban someterse á autorización administrativa previa da consellería competente en materia de servizos sociais.

En tanto non se desenvolva o antedito catálogo, requirirase a autorización administrativa previa de creación ou construción, modificación substancial, inicio de actividade e cesamento de actividades aos seguintes centros, programas e servizos:

Centros para persoas maiores

- Centros de día de maiores
- Centros de día de alzheimer
- Residencias de maiores
- Vivendas comunitarias
- Fogares residenciais
- Vivendas colaborativas
- Servizo de estadías nocturnas (Disposición transitoria 6 da Orde do 2 de xaneiro de 2012)

Centros para persoas con discapacidade:

- Centro de día
- Centros ocupacionais
- Residencias
- Pisos/vivendas tuteladas
- Servizo estadías nocturnas (Disposición transitoria 6 da Orde do 2 de xaneiro de 2012)

Centros de atención á infancia:

- Escolas infantís e Puntos de atención á infancia
- Ludotecas
- Espazos infantís
- Servizos complementarios de comedor, atención nocturna ou diúrna

Centros de menores:

- Residencias
- Centros de día
- Pisos tutelados
- Talleres formativos

Centros destinados ás familias:

- Puntos de encontro familiar
- Centros destinados a vítimas de violencia de xénero:
- Casas de acollida

Centros de inclusión:

- Albergues
- Centros de acollida
- Comedores sociais
- Centros de atención social continuada
- Centros de día de inclusión

Programas:

- Programa de axuda no fogar

<https://politicasocial.xunta.gal/gl/recursos/asesoria-virtual-de-entidades/normativa-autonomica>

**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE



CONSELLERÍA RECURSOS ¿QUÉ NECESITAS? ÁREAS

Inicio > Recursos > Asesoría virtual de entidades > Normativa autonómica

Normativa autonómica

Compartir



Escuchar 

▼ Normativa general

▼ Mayores, discapacidad y dependencia

▼ Familia y menores

▼ Servicios comunitarios e inclusión social


¿Tienes una duda?

RUEPSS

Autorización de centros y programas

La inspección de servicios sociales

Normativa autonómica

Documentos de interés

Contacto

2.a) Centros

2.a.1) Autorizacións de centros e programas tramitados durante o ano 2025 (procedemento BS103E), segundo área de actuación, tipo de centro e provincia

Neste apartado reflíctense os centros que recibiron autorización (permiso de inicio de actividades) durante o ano 2025.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Discapacidade					
Centro de día			1	1	2
Residencia de discapacitados gravemente afectados				1	1
Total discapacidade			1	2	3
Inclusión					
Centro acollida-transición á vida autónoma	8	2		11	21
Comedor social		1			1
Total inclusión	8	3		11	22
Infancia					
Escola infantil	2	3	1	2	8
Puntos de atención á infancia (pai)	1	1			2
Total infancia	3	4	1	2	10
Maiores					
Centro de día	5			5	10
Fogar residencial				1	1
Gran centro residencial	1				1
Minirresidencia				1	1
Residencia	1				1
Vivenda comunitaria				2	2
Total maiores	7	0	0	9	16
Menores					
Centros con fogares		1			1
Total menores	1	2			3
Total	18	8	2	24	52

2.a.2) Autorizacións de centros (segundo categoría da entidade, tipo de centro e provincia)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Iniciativa privada con ánimo de lucro					
Centro de día	4			3	7
Escola infantil		1	1	2	4
Minirresidencia				1	1
Residencia	1				1
Vivenda comunitaria				2	2
Total iniciativa privada con ánimo de lucro	5	1	1	8	15
Iniciativa pública					
Centro con fogares		1			1
Centro de día			1	1	2
Escola infantil	2	2			4
Fogar residencial				1	1
Gran centro residencial	1				1
Puntos de atención á infancia (pai)	1	1			2
Residencia de discapacitados gravemente afectados			1		1
Total iniciativa pública	4	4	2	2	12
Iniciativa social					
Centro acollida-transición á vida autónoma	8	2		11	21
Centro de día	1			2	3
Comedor social		1			1
Total iniciativa social	9	3		13	25
Total	18	8	3	23	52

2.a.3) Cambios de titularidade de centros

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Iniciativa privada con ánimo de lucro					
Centro de día			1	1	2
Escola infantil	1				1
Gran centro residencial	1			2	3
Residencia				2	2
Vivenda comunitaria	1	1			2
Total iniciativa privada con ánimo de lucro	3	1	1	5	10
Iniciativa pública					
Centro de día					
Centro ocupacional	1				1
Escola infantil			1		1

Residencia de discapacitados gravemente afectados con atención diurna		1			1
Residencia de discapacitados adultos	1				1
Residencia de discapacitados gravemente afectados	1				1
Vivenda/piso tutelado	4				4
Total iniciativa social	8	1	1	0	10
Total	11	2	2	5	20

2.a.4) Revogacións de autorizacións (ceses) de centros (procedemento BS103F)

As autorizacións de cesamento de actividades garanten que a interrupción ou cese de actividades se leve a cabo respectando os dereitos das persoas usuarias.

Para o cesamento das actividades dun centro ou programa, tanto temporal como definitivo, xa sexa parcial ou total, será preceptiva a obtención da correspondente autorización. Enténdese:

- Por cesamento temporal e parcial, a interrupción durante un prazo determinado da prestación dalgún dos servizos nun centro ou programa autorizado.
- Por cesamento temporal e total, a interrupción de todas as prestacións durante un período determinado que non respondan a condicións de funcionamento normais e propias da tipoloxía do centro ou programa.
- Por cesamento definitivo e parcial, a interrupción dalgún dos servizos de forma permanente mentres continúan prestándose outros.
- Por cesamento definitivo e total, a finalización das actividades do centro ou programa autorizado.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Iniciativa privada con ánimo de lucro					
Centro de día	1				1
Escola infantil	3		1	4	8
Ludoteca			1	1	2
Vivenda comunitaria	1				1
Total iniciativa privada con ánimo de lucro	5	0	2	5	12
Iniciativa pública					
Centro de día		3			3
Total iniciativa pública		3			3
Iniciativa social					
Albergue				1	1
Centro acollida-transición á vida autónoma	1			1	2
Miniresidencia	1				1

Residencia				1	1
Vivenda/piso tutelado				1	1
Total iniciativa social	2			4	6
Total*	7	3	2	9	21

* Non se inclúen 13 centros que pasan de permiso definitivo a cese temporal ou de cese temporal a definitivo.

2.a.5) Centros activos

Total de centros activos (autorizados no RUEPSS) a 31 de decembro de 2025:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outra	Total
Comunidade						
Centro social	23	15	13	25		76
Total comunidade	23	15	13	25		76
Discapacidade						
Apartamento tutelado		1		1		2
Centro de día	32	9	6	29		76
Centro ocupacional	36	8	9	21		74
Res. Discap. Adultos con atención diúrna	2		5	2		9
Res. Discap. Gravemente afectados con atención diúrna	3	5	5	5		18
Residencia de discapacitados adultos	8	4	4	5		21
Residencia de discapacitados gravemente afectados	11	4	3	8		26
Vivenda/piso tutelado	19	6	1	13		39
Total discapacidade	111	37	33	84		265
Familia						
Puntos de encontro familiar	4	1	1	2		8
Residencia			1	1		2
Total familia	4	1	2	3		10
Igualdade						
Casa de acollida			1		3	4
Vivenda/piso tutelado		3			5	8
Total igualdade		3	1		8	12
Inclusión						
Albergue	3	1	1	4		9
Centro acollida básica	11	1	1	6		19
Centro acollida-apoio social a procesos terapéuticos			2	5		7
Centro acollida-transición á vida autónoma	42	16	12	33		103
Centro de atención social continuada	4	1		2		7

Centro de día	6		3	2		11
Comedor social	4	1	1	7		13
Vivenda transición vida autónoma	1			1		2
Total inclusión	71	20	20	60		171
Infancia						
Escola infantil	217	59	47	179		502
Espazo infantil	1					1
Ludoteca	3			4		7
Puntos de atención á infancia (pai)	13	18	22	5		58
Total infancia	234	77	69	188		568
Maiores						
Apartamento tutelado	3	8	3	1		15
Centro de día	76	38	29	93		236
Centro de día, alzheimer	5	3	2	5		15
Fogar residencial	10	8	13	11		42
Fogares e clubs	12	4	2	3		21
Gran centro residencial	25	13	11	20		69
Minirresidencia	35	21	50	19		125
Residencia	19	10	16	19		64
Vivenda comunitaria	20	23	54	15		112
Total maiores	205	128	180	186		699
Menores						
Casa de familia	7	6	4	13		30
Casa de primeira acollida				1		1
Centro con fogares	7	2	3	6		18
Centro de día	3	5	4	7		19
Minirresidencia	4	7	1	5		17
Residencia			1			1
Vivenda transición vida autónoma			1	1		2
Vivenda/piso tutelado	2	1	2	2		7
Total menores	23	21	16	35	0	95
Total	671	301	335	581	8	1.896

*A columna "OUTRA" fai referencia a centros para os que, por motivos legais, non se especifica o seu enderezo.

Total centros autorizados segundo a categoría da entidade.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outra	Total
Iniciativa privada con ánimo de lucro						
Discapacidade	1	1		3		5
Infancia	77	18	25	66		186

Maiores	102	38	85	118		343
Menores				1		1
Total iniciativa privada con ánimo de lucro	180	57	110	188		535
Iniciativa pública						
Comunidade	22	15	13	23		73
Discapacidade	13	5		2		20
Familia	4	1	2	3		10
Igualdade					7	7
Inclusión	3	1	1	4		9
Infancia	133	53	44	95		325
Maiores	62	65	48	38		213
Menores	5	1	5	7		18
Total iniciativa pública	242	141	113	172	7	675
Iniciativa social						
Comunidade	1			2		3
Discapacidade	97	31	33	79		240
Igualdade		3	1		1	5
Inclusión	61	15	20	47		143
Infancia	25	3	2	30		60
Maiores	40	30	49	22		141
Menores	19	19	11	27		76
Total iniciativa social	243	101	116	207	1	668
Total	665	299	339	567	8	1.878

2.b) Programas

2.b.1) Programas autorizados durante o ano 2025:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Iniciativa privada con ánimo de lucro	14	7	2	8	31
Iniciativa pública					
Iniciativa social				2	2
Total	14	7	2	10	33

* Todos os programas son de tipo "axuda no fogar" e pertencen á área de "comunidade".

* Non se inclúen 12 programas que pasan de permiso definitivo a cese temporal ou de cese temporal a definitivo.

2.b.2) Cambios de titularidade da autorización de programas

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Iniciativa privada con ánimo de lucro				2	2
Total	0	0	0	2	2

2.b.3) Revogacións de autorizacións de programas

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Iniciativa privada con ánimo de lucro	15	8	2	10	35
Iniciativa pública					
Iniciativa social	1				1
Total	16	8	2	10	36

2.b.4) Programas activos

Neste apartado reflíctese o total de programas en activo (autorizados).

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Iniciativa privada con ánimo de lucro	89	34	22	49	194
Iniciativa pública	92	68	79	61	300
Iniciativa social	13	1	3	7	24
Total	194	103	104	117	518

Medición da actividade na aplicación web de xestión durante o ano 2025

	Sesións (privado)	Centros	Entidades	Programas	Total
Xaneiro	5.498	6.803	3.081	425	15.807
Febreiro	7.606	6.445	3.455	594	18.100
Marzo	7.329	6.400	3.279	436	17.444
Abril	4.821	7.390	2.381	473	15.065
Maio	4.942	9.050	2.657	601	17.250
Xuño	4.779	5.841	2.901	711	14.232
Xullo	5.063	4.763	2.200	536	12.562
Agosto	3.138	4.505	1.813	341	9.797
Setembro	6.106	7.512	3.349	551	17.518
Outubro	6.488	8.680	4.300	914	20.382
Novembro	4.325	6.310	2.550	481	13.666
Decembro	3.855	5.644	2.477	535	12.511
Total	63.950	79.343	34.443	6.598	184.334

Total anual de visitas á web do RUEPSS: 184.334 visitas.

As visitas correspondentes á serie "sesións" rexistran un notable incremento no primeiro trimestre do ano, coincidindo coa publicación no RUEPSS da memoria de actividades e coa publicación do control de legalidade anual dos programas de axuda no fogar e dos centros de maiores, discapacidade e dependencia.

Finalmente, na páxina web da *Asesoría Virtual de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais* <https://politicasocial.xunta.gal/es/recursos/asesoria-virtual-de-entidades/ruepss>

Rexistráronse un total de 48.092 visitas.

